



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO

LUGAR: **Casa do Concello**
DATA: **26 de outubro do 2012**
HORA DE COMEZO: **20.30 horas**
HORA DE REMATE: **21.00 horas**

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera .
Don Manuel Mouriño Varela .
Don Antonio González Barral .
Dona María Dolores García Couto .
Dona Sonia Rodríguez Midón .
Don Jesús José Santasmarinas Devesa .
Dona Raquel García Fraga .
Dona Adela Redondo Rendo.
Don Xabier Canabal Fernández .
Don David Paulino Calvelo Otero

AUSENTES:

Don Adolfo Gacio Vázquez

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

ORDEN DO DÍA:

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Designación membros dos órganos colexiados (Comisión de Contas, Mesa de Contratación, Fundación Pedro Pérez, representantes do Consello Escolar)**
- 3. Dar conta dos Decretos da Alcaldía (nomeamento tenentes de alcalde, membros da Xunta de Goberno e Concellarías)**
- 4. Cambio de uso da parcela da Casa da Cultura de Camporrapado**
- 5. Aprobación dedicación parcial para o Concelleiro Adolfo Gacio Vázquez**

DELIBERACIÓNS

- 1. Aprobación da acta anterior**

Cos votos a favor de todos os presentes apróbase a acta da sesión extraordinaria que tivo lugar o 8 de outubro do 2012.

2. Designación dos membros dos órganos colexiados (Comisión de Contas, Mesa de Contratación, Fundación Pedro Pérez e representantes do Consello Escolar)

Na sesión plenaria que tivo lugar o 8 de outubro de 2012 acórdase o nomeamento do novo Alcalde, co que se procede á modificación dos órganos colexiados.

O señor Calvelo di, en canto á Comisión de Contas que propón outra composición. Serían 3 representantes do PP, 1 do PS de G, e 1 non adscrito o cal suporía, así mesmo, maioría suficiente para o PP e aforrariáanse cartos.

En canto a Mesa de Contratación di o señor Calvelo: “ gustaríame que non utilicen a nosa presenza para xustificar a legalidade ou non das decisións que nela se tomen, aínda que agradecemos que se nos inclúa nela”.

O señor Canabal di: “A oposición está representada na Comisión de Contas (É un imperativo legal que todos os grupos estean representados na comisión de contas), mais a obriga sería cun membro, posto que na teoría formamos parte do mesmo grupo. Persoalmente teño en conta este punto ao fin de garantir a representatividade do pleno desta corporación.

Mais xa o advertín; xa lle dixen que non tiña pensado participar no circo que vostedes (ou algún de vostedes) montaron neste concello. Polo tanto neste punto, voume abster”.

Sen máis e cos votos a favor dos representantes do PP e do PS de G e a abstención do Concelleiro non adscrito acórdase aprobar o nomeamento dos seguintes membros dos órganos colexiados:

A) Comisión de Contas:

Presidente titular: Jesús Sanjuás Mera
Suplente: Manuel Mouriño Varela

Vogal 1: Raquel García Fraga
Suplente: Adela Redondo Rendo

Vogal 2: Jesús José Santasmarinas Devesa
Suplente: Sonia Rodríguez Midón

Vogal 3: María Dolores García Couto
Suplente: Antonio González Barral

Vogal 4: Xabier Canabal Fernández

Vogal 5: David Paulino Calvelo Otero

B) Mesa Permanente de Contratación:

Presidente titular: Manuel Mouriño Varela
Suplente: Jesús José Santasmarinas Devesa

Vogal 1: María Dolores García Couto
Suplente: Antonio González Barral

Vogal 2: Raquel García Fraga
Suplente: Sonia Rodríguez Midón

Vogal 3: Elena Suárez Rodríguez, secretaria - interventora do concello
Suplente: Rosario Canabal Vázquez, administrativa

Vogal 4: Xabier Canabal Fernández

Vogal 5: David Paulino Calvelo Otero

Secretario/a titular: Adela Lamela Arteaga
Suplente: María Lourdes García Abeijón, administrativa.

C) Fundación Pedro Pérez:

Presidente titular: Jesús Sanjuás Mera
Suplente: Manuel Mouriño Varela

Vogal 1: Adela Redondo Rendo
Suplente: Raquel García Fraga

Vogal 2: Angeles Villar Couto

Vogal 3: Manuel Cao González

Vogal 4: José Manuel Silva Rodríguez

D) Representantes no Consello de escolar:

Titular: Raquel García Fraga
Suplente: Manuel Mouriño Varela

3. Decretos da alcaldía (Nomeamento da tenencias da alcaldía, membros da xunta de goberno e concelleiros)

A continuación dáse conta dos seguintes decretos:

A) Decreto de 19 de outubro do 2012, de designación de Tenencias de Alcaldía.

Na sesión plenaria do 08/10/2012 procedeuse o nomeamento do novo Alcalde, o cal modifica a composición da Xunta de Goberno Local, polo que de acordo co disposto na lexislación vixente,

RESOLVO:

Nomear titulares das Tenencias da Alcaldía aos seguintes concelleiros:

Primeira Tenencia da Alcaldía: Manuel Mouriño Varela
Segunda Tenencia da Alcaldía: Jesús José Santasmarinas Devesa
Terceira Tenencia da Alcaldía: Raquel García Fraga

Corresponderá aos nomeados, substituír a esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións e nos supostos legalmente previstos.

Notificar esta resolución ás persoas designadas co fin de que presten, no seu caso a aceptación dos ditos cargos.

Remitir un anuncio dos nomeamentos para a súa inserción no BOP e publicalas así mesmo, no taboleiros de edictos do concello.

Os nomeamentos serán efectivos dende o día seguinte á data desta resolución.

B) Decreto de a 19 de outubro de 2012 de designación de membros da Xunta de Goberno.

Na sesión plenaria do 08/10/2012 procedeuse o nomeamento do novo Alcalde, o cal modifica a composición da Xunta de Goberno Local, polo que de acordo co disposto na lexislación vixente,

RESOLVO:

Nomear membros da Xunta de Goberno a:

Manuel Mouriño Varela
Jesús José Santasmarinas Devesa
Raquel García Fraga

Corresponderá á Xunta de Goberno, baixo a presidencia desta Alcaldía, a asistencia permanente á mesma no exercicio das súas atribucións, así como as que lle delegue a Alcaldía ou calquera outro órgano municipal ou que expresamente lle atribúan as leis.

Notificar esta resolución ás persoas designadas co fin de que presten, no seu caso, a aceptación dos ditos cargos.

Remitir un anuncio dos nomeamentos para a súa inserción no BOP e publicalas así mesmo, no taboleiros de edictos do concello.

C) Decreto de 26 de outubro de 2012 de designación de Concelleiros e nomeamento de Concelleiros delegados para a dirección interna e xestión do servizo correspondente a:

Por Decreto do 19 de outubro de 2012 o Alcalde resolve no punto primeiro designar as Concellerías e nomear os Concelleiros delegados para a dirección interna e xestión do servizo correspondente.

Sen embargo por erro non se incluíu a Concellería de Industria, Comercio, Novas tecnoloxías e Innovación asignada a don Antonio González Barral, que segue sendo a mesma que tiña outorgada na Resolución de 21 de xuño de 2011 e da cal se deu conta no Pleno extraordinario de 27/06/2011 e tampouco se fai constar que don Jesús Sanjuás Mera mantén a titularidade da Concellería de Infraestruturas e Urbanismo, que segue

sendo a que tiña outorgada na Resolución de 21 de xuño de 2011 e da cal se deu conta no Pleno extraordinario de 27/06/2011.

Polo exposto RESOLVO:

1. Modificar o Decreto do 19 de outubro de 2012 no senso de engadir a don Antonio González Barral como titular da Concellería de Industria, Comercio, Novas tecnoloxías e Innovación e a don Jesús Sanjuás Mera como Alcalde e como titular da Concellería de Infraestruturas e Urbanismo, quedando as Concellerías do seguinte xeito:

- Jesús Sanjuás Mera: Alcaldía e Concellería de Infraestruturas e Urbanismo.
- Manuel Mouriño Varela: Concellería de Seguridade, Protección Civil , Medio Ambiente e Servizos
- Jesús Santasmarinas Devesa: Concellería de Medio Rural
- Raquel García Fraga: Concellería de Educación, Cultura e Deportes.
- Antonio González Barral: Concellería de Industria, Comercio, Novas tecnoloxías e Innovación
- M^a Dolores García Couto: Concellería de Servizos Sociais e Igualdade
- Sonia Rodríguez Midón: Concellería de Xuventude, Voluntariado e Asociacionismo
- Adela Redondo Rendo: Concellería de Formación e Emprego, Turismo, Desenvolvemento Local.

Ter unha xuntanza semanal de todos os delegados coa Alcaldía, os xoves ás 20:00 horas, para tratar dos asuntos correspondentes ás distintas Concellerías, da cal se levantará a correspondente acta asinada por todos os asistentes.

O señor Canabal di o seguinte: “ Un detalle que quero destacar é a presenza dunha muller como Tenente de Alcalde e membro da Xunta de Goberno Local. Se a miña memoria non falla, creo que é a primeira vez que isto ocorre en Boqueixón, polo que aparte do tirón de orellas que lle teño dado no seu día, tamén valoro positivamente este cambio de actitude”.

4. Cambio de uso da parcela da Casa de Cultura de Camporrapado.

O Concello de Boqueixón carece a día de hoxe en todo o seu termo municipal de instalación sanitario – asistenciais destinadas a tanatorio, tendo que recorrer os veciños, para os servizos previos ó enterramento, os existentes en concellos limítrofes.

Esta situación anómala obriga a veces a longos desprazamentos de ida e volta para ser enterrados os restos fúnebres no propio o Concello de Boqueixón.

Esta carencia deu lugar a que por parte de varias compañías se teña intentado instalar un servizo deste tipo no termo municipal. A imposibilidade para estas empresas de adquirir terreo no solo urbano a un prezo axeitado, unido á imposibilidade da súa ubicación en solo rústico e ós problemas de compatibilidade coa normativa do solo de núcleo rural, fixo que estas iniciativas empresariais sempre fracasasen.

Ante esta perspectiva, e a necesidade urxente de dispor deste servizo, o Concello de Boqueixón decide tomar a iniciativa, levando a cabo as medidas oportunas que posibiliten a instalación dun tanatorio no municipio.

O concello decide levar a cabo un cambio de uso de parte da parcela donde se sitúa o inmoble da casa da cultura, sita no lugar da Silveira, parroquia de Santa María de Oural. O concello dispón para o seu ordenamento municipal dunhas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (NN.SS.) aprobadas definitivamente en maio de 1996, e dicir adaptadas á Lei de Adaptación da Lei do Solo de Galicia (LASGA)

Nestas NN.SS. no contorno de Camporrapado existe unha parcela na que se ubica a actual casa da cultura do núcleo, clasificada como Solo Urbano e cualificada como Equipamento socio cultural, polo que será necesario un cambio de uso.

O uso axeitado a estas instalacións será o de sanitario asistencial que aínda que non figura na normativa pódese definir como aquel destinado a “asistencia en réxime ambulatorio ou con hospitalización. Non se inclúen os despachos profesionais. Asistencia non sanitaria mediante servizos sociais. Tanatorios”. Tal e como aparece definido no PXOM en tramitación, aprobado inicialmente en decembro de 2011.

En canto á descrición da Casa da Cultura de Camporrapado sinalar que é un equipamento socio – cultural existente en edificio independente nunha parcela así definida tanto nas NN.SS como na documentación do PXOM en tramitación. Pola diferenza de cotas da parcela, a edificación distribúese nun volume en planta de acceso polo vento nordés e outro volume en planta baixa polo vento sueste. Tanto o volume que ocupa a planta de acceso como o volume da planta baixa, teñen acceso e luces independentes.

A parcela ten a referencia catastral 1990804NH5318N0001EM, cunha superficie de 2.347 m².

Segundo a planimetría do PXOM en tramitación a parcela ten unha superficie de 2.427 m².

A superficie edificada segundo o catastro ascende a 1.442 m² polo que a edificabilidade declarada ascende a 0,59 m²/m²

A edificación cumpre axeitadamente os parámetros urbanísticos fixados polas NN.SS. para os equipamentos no último parágrafo do artigo 75 “...cando o equipamento se sitúen en zonas non formalizadas e áreas libres de edificación aceptárase a ordenación volumétrica específica non debendo rebasar normalmente 10 metros de altura máxima nin os 0,8 m²/m² de edificabilidade bruta.”

A casa da cultura de Camporrapado non supera os 0,8 m²/m² de edificabilidade nin os 10 metros de altura.

Según o disposto no artigo 47.4 da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei do Solo 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural “O concello en pleno, por maioría absoluta legal , e en necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar zonas verdes e os espazos libres públicos.

O artigo 74 das NNSS do Concello de Boqueixón, capítulo V, sinala que “ Comprende as superficies destinadas a usos públicos ou colectivos ó servizo directo dos cidadáns. O solo será sempre de dominio público, cando corresponda a cesións resultado do planeamento.

O artigo 75, das citadas NNSS, sinala que “ Admítense as seguintes actividades e instalacións:

c) Sanitario – asistencial. Centros asistenciais e sanitarios dedicados a garderías, dispensarios, ambulatorios, residencias de anciáns, clínicas, hospitais xerais e centros hospitalarios.

d) Socio – cultural. Bibliotecas, centros sociais e culturais, museos , audicións, salas de cultura, salas de reunións, exposicións de interese público e comunitario, así como anexos ós servizos deportivos ligados ó uso.

... As actividades e instalacións detalladas nos epígrafes c), d) e h), en función das súas características, funcións sociais e complementariedade, poderán intercambiarse ou complementarse dentro de cada unha das reservas específicas establecidas polas presentes normas”.

Por razóns de urxencia e económicas, posto que acometer por parte do concello nestes momentos a obra resulta inviable polo seu custo, o concello pretende ubicar este tanatorio na edificación existente na Casa da Cultura, en concreto en parte da súa planta baixa, permanecendo a superficie restante dedicada a casa da cultura.

Non se pretende deixar a edificación existente en situación de fora de ordenación, motivo polo cal preténdese cualificar este cambio de uso a parcela como equipamento socio cultural e sanitario asistencial .

A continuación o señor Canabal di:

“Antes de comezar o debate propio deste punto, quixer deixar sobre a mesa parte da Exposición de Motivos da alegación que presentei neste concello en relación ao Expediente 10/1987 que se tramitaba no Concello de Boqueixón, para concesión da licenza de actividade dun tanatorio, solicitada por Funeraria Apóstolo Santiago, na aldea de Ramil, o pasado ano.

Dicía así:

PRIMEIRO: Se ben é certo que consideramos que un tanatorio é un servizo necesario e esencial para os veciños deste Concello, non é menos certo que estas actividades polo volume de tráfico que xeran deberan ter ubicacións específicas dentro dun concello para que non prexudiquen de forma directa á vida dos nosos veciños/as e das nosas aldeas.

SEGUNDO: A falta de planificación (xeral e urbanística) do Concello de Boqueixón nos últimos anos ten como consecuencia o desenvolvemento de actuacións urbanísticas erráticas e contraditorias, en especial no que se refire ao asentamento de servizos públicos esenciais para o Concello de Boqueixón e para os seus veciños, en todas as súas modalidades de xestión, públicos, públicos - concertados e tamén os privados. Deste xeito podemos ver dispersados diversos servizos deste concello en “miniestruturas” sen posibilidade de redimensión (vemos o caso da Escola Infantil Municipal asentada nun edificio público non pensado para isto, unha escola unitaria a varios metros nunha arcaica e “miniestrutura” tamén; o minicentro médico de Lestedo; a dispersión dos servizos públicos educativos e asistenciais do Forte; a dispersión e atomización dos equipamentos deportivos, as instalacións dos grupos de intervención rápida, ou incluso a propia Casa do Concello...)

TERCEIRO: Froito desta errática e contraditoria política urbanística e froito da improvisación na dotación de servizos públicos dende xa hai moitos anos, os veciños de Boqueixón veñen sufrindo unha inseguridade xurídica sen precedentes, o que leva por un lado a obriga de paralizar algúns proxectos de investimento, ou a adialos, que de

seguro terían un impacto positivo para a poboación actual e potencial do Concello de Boqueixón.

CUARTO: Por outro lado tampouco nos podemos esquecer da desafectación do patrimonio público do concello nestes anos, unha desafectación masiva cuxo único obxectivo era a xeración de liquidez inmediata sen ter en conta as necesidades do noso Concello. É dicir, a desafección do patrimonio público ben debera facerse con cargo a proxectos específicos, públicos ou privados, que redundaran nunha clara mellora de vida para os nosos veciños.

Coido que nos puntos argumentativos desta alegación podo perfectamente responder á cuestión prantexada neste punto, partindo sempre da coincidencia que teño con vostedes da necesidade de que o Concello de Boqueixón teña un tanatorio (ou velorio) no menor tempo posible.

Mais esta proposta carece de todo signo de racionalidade.

1.- A FALTA DE PLANIFICACIÓN NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

- Cal é o problema existente?
- Que non hai terreos?
- E non hai terreos por sermos un concello pobre?

Ás claras non. O que hai é UNHA FALTA DE PLANIFICACIÓN NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN:

- Cabe preguntarse en primeiro lugar como se fixeron as concentracións parcelarias, e cales foron as reservas de terreo do Concello ou das Masas Comúns?
- Cabe preguntarse asemade ¿con qué criterios se fixeron as vendas do patrimonio do concello? (masas comúns, as fincas do polígono de Cosmos...)

É dicir, terreo houbo, antes de desafectalo. Pero nunca tiveron unha planificación integral do concello, e seguen coa mesma eiva.

2.- OS BANDAZOS DO EQUIPO DE GOBERNO.

Outro dos aspectos que quero destacar, é a falta absoluta de goberno neste concello. Fíxense ben as voltas que deron nestes tres últimos anos para ubicar un tanatorio:

- Primeiro: Tanatorio no Lugar de Ramil – Lestedo.
- Segundo: Tanatorio en Ardarís – Lestedo (este segue aínda marcado nese Plan Xeral que queren aprobar, e mesmamente se negaron a aceptar a proposta que lle teño feito.
- Terceiro: Reitoral de Lamas.
- Cuarto: Camporrapado. Esta foi a opción que se atreven a traer ao pleno da corporación.

¿Como é posible que lle custe tanto dar resposta a unha demanda dos veciños?

Pois claramente porque non existe goberno. Gobernar significa tomar decisións, e neste eido, eu considero que son vostedes un desgoberno cobarde.

3.- EXISTE UNHA CLARA INCOMPATIBILIDADE DE USOS.

- A Casa da Cultura de Camporrapado é a única de todo o concello que dispón dun salón de actos apto para realizar multitude de actos: Conferencias, Teatro, Música, Actividades para os nenos, para os vellos...

- Salvo que vostedes certifiquen a morte da cultura en Boqueixón, polo que o tanatorio estaría no lugar idóneo, poden darse conta que o uso desta casa vai quedar condicionado aos usos funerarios.

Póño-me un paso máis aló:

- Vostedes van facer unha reserva de espazo para usos funerarios, que van dar a unha empresa para a súa explotación (xa saben que eu non son partidario disto, pero así é como funcionan vostedes).
- ¿Unha vez realizado o concurso e feitas as obras, cando exploten o tanatorio; pensan que van a poder compatibilizar o espazo de cultura e espectáculo co uso funerario? ¿Pensan que a funeraria lle vai permitir realizar un concerto na parte superior cando estean empregando o tanatorio? Ou máis aló; ¿pensan que a xente deste concello, ou doutros, vai empregar as salas do tanatorio se saben que hai un concerto?

Saben perfectamente que estes usos son incompatibles, e facer isto é unha fuxida cara adiante.

4.-UN TANATORIO MUNICIPAL, NA ESQUINA DO CONCELLO.

Se prantexamos a ubicación dun Tanatorio Municipal, por comodidade para os veciños, este debería ubicarse no centro xeográfico do Concello, é dicir, na parroquia de Boqueixón e non nunha das esquinas do Concello.

Pensa realmente que os veciños de Lestedo e Sergude (onde está unha gran parte da poboación do concello) van empregar este Tanatorio? Pois eu moito me temo que non, que de todas formas, e a pesares de haber un tanatorio no noso Concello, sempre quedará máis á man tanto Montouto como Santiago.

En fin, e para rematar. Quero deixar claro que considero, ao igual que vostedes, que é necesario a dotación dun Tanatorio ou Velorio Municipal, mais non podo estar dacordo coa súa ubicación:

- Certifican a desaparición da Casa de Cultura de Camporrapado (as actividades hai que programalas con tempo, e os mortos, por desgracia, non se poden programar).
- Certifican con este acto (e xa son bastantes) a súa carencia de planificación no Concello de Boqueixón.
- Programan o único tanatorio municipal, nunha esquina do Concello.
- Pensen por último os bandazos que teñen dado neste concello, e no tempo pasado para iniciar a dotación dun tanatorio. Pensen se son mínimamente efectivos para o que os veciños nos demandan”.

O señor Calvelo di as seguintes razóns polas que consideran que non se debe facer o tanatorio na Casa de Cultura de Camporrapado son:

- a- “A posible coincidencia con actos festivos na casa de cultura, que pode xerar graves conflitos.
- b- Temos serias dúbidas de que o tanatorio teña valoración sanitaria - asistencial , coma di o informe, tendo en conta que estará situado nun local social.
- c- Creamos un serio problema ao estar tan próximos á escola infantil e o tanatorio.
- d- A perigosidade enorme por un exceso de tráfico no entorno da escola infantil.
- e- A escasez de prazas de aparcadoiro tanto para turismos coma para autocares”.

Por outro lado, consideramos que non é tema urxente para este concello porque xa dispoñemos dun tanatorio na parroquia veciña de Codeso.

Tendo este concello terreos aptos para construír un tanatorio, ¿por que temos que favorecer unha empresa privada que non quere pagar o que lles pidan os veciños polos terreos?. Ademais hai terreos moi axeitados nos polígonos industriais como o de Camporrapado e Sergude.

Coma remate (segue dicindo o señor Calvelo) se o argumento que pon o concello para facer a cesión da Casa de Cultura para o tanatorio, é que durante todos estes últimos anos a Casa de Cultura estivo infrautilizada, é culpa única e exclusivamente do grupo de goberno porque non souberan apoiar a cultura desde o concello.

A casa de cultura de Camporrapado coas infraestruturas de que dispón debería ser o punto de referencia cultural da comarca.

Unha das necesidades máis urxentes que ten a parroquia de Oural neste momento é a ampliación do actual cemiterio, ou buscar terreos para a construción dun novo onde ademais se poida situar o tan discutido tanatorio.

Para esta construción ou ampliación podíase destinar a partida presupostaria que estaba destinada a pagar os honorarios do señor Gacio, xa que parece que ao concello lle sobran os cartos.

O señor Alcalde di que os veciños poden estar contentos porque por fin vanse iniciar os trámites para a instalación dun tanatorio no concello. Debido á oposición dalgúns veciños non se puido construír en Ramil e para facelo noutra parcela habería que expropiar e isto é o que non queremos.

Por outro lado, o baixo da casa de cultura é apropiado para situalo. Como exemplo, tamén no Concello da Estrada está nun baixo dun edificio colectivo de varios pisos.

O señor. Canabal, pregúntalle se lle gustaría telo así e dille, así mesmo, que pode buscar outras solucións. Concretamente cando se fixeran as concentracións parcelarias, poderíase facer unha reserva de terreos.

A señora García Fraga pregunta ao señor Canabal si estamos nunha ditadura ou nunha democracia como para expropiar os terreos para o tanatorio; di que “non estamos nunha ditadura como para proceder coa expropiación dos terreos dos veciños”.

Responde o señor Canabal que cando se fai unha estrada é necesario expropiar.

En canto á política urbanística do concello, di a señora García Fraga, que evidentemente sería perfecto que estiveran todos os centros concentrados, pero iso non é posible. En concreto a escola de Lestedo está situada no lugar no que procedía e aínda que efectivamente linda coa estrada, tamén é certo que os nenos saen pola parte lateral ou traseira, a non ser que os recollan os pais.

En canto ao centro de saúde é realmente un luxo telo en Lestedo.

O señor Canabal di que ao haber uns servizos públicos sempre debe existir a forma para modificalos ou amplialos sen estar poñendo parches como fan vostedes.

A señora García Fraga di que non é viable expropiar para facer un tanatorio e situalo ao lado das vivendas a xente non o quere.

Dende o concello sempre queremos dar prioridade ás necesidades dos veciños. Por elo, fixemos unha xuntanza na casa de cultura de Camporrapado e nela había partidarios de

tódolos partidos e todos ou calaron ou dixeron que estaban totalmente de acordo con que se fixera en Camporrapado. É mais un dos asistentes foi membro da corporación municipal hai catro anos.

O sr. Calvelo di que el non estivo.

A señora García Fraga di que nesa xuntanza ningún militante e/ou simpatizante do PSOE ou do BNG dixeron que non. Todos estiveron de acordo e aceptaron.

En canto a escola dos nenos, que di o señor Calvelo que quedaría moi próxima ao tanatorio e que este se podería situar no polígono de Camporrapado, pregunta a señora García onde está ese polígono. Segue preguntándolle ao señor Calvelo si o tanatorio de Boisaca sería un modelo a seguir e si lle pode dicir que hai enfrente de dito tanatorio, ao que o señor Calvelo responde que nada.

A señora García afirma que en fronte dese tanatorio está ubicada unha escola infantil con cristaleira transparente en todo o seu fronte, e que en Boqueixón non hai terreos dispoñibles para o tanatorio, xa que nos terreos que poden servir, os seus veciños néganse a ter o tanatorio a carón das súas casas e si ben é verdade que é unha necesidade, non como para a expropiación.

Por outra parte, a parte baixa da casa de cultura non se usa.

O señor Calvelo, pregunta cantos anos vai durar a concesión.

Responde o señor alcalde que de momento non se sabe.

O señor Canabal di que a xuntanza se fixo sen convocatoria previa ao que reponde a señora García que si se enviou aos veciños un escrito dicíndolle que había unha reunión na cal se tratarían varios puntos.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do PP e en contra do PS de G e do Concelleiro non adscrito acórdase:

1) Cambio de uso, na parcela na cal se ubica a casa da cultura de Camporrapado sita na parroquia de Santa María de Oural de acordo co disposto nos artigos 47.4 da LOUG , 74e 75 das NN.SS de Boqueixón.

O referido uso quedará definido do seguinte xeito:

a) Uso como equipamento sanitario asistencial, no cal se ubicará o tanatorio.

Superficie : 210 metros cadrados.

b) Uso como equipamento socio cultural.

Superficie: 2.217 metros cadrados.

2) Dito cambio de uso debe incorporarse ao libro inventario de bens da corporación local para facer a correspondente modificación do uso.

3) Proceder a publicar dito acordo no BOP , someténdose a información pública e ós efectos de ofrecer os recursos procedentes .

4) Comunicar a adopción deste acordo á Xunta de Galicia.

5. Aprobación dedicación parcial para o Concelleiro Adolfo Gacio Vázquez

Dáse conta ós membros da corporación que con esta mesma data (26 de outubro do 2012) e rexistro de entrada 12/2507, tivo entrada un escrito presentado por don Adolfo Gacio Vázquez no cal sinala que renuncia á dedicación parcial e ó correspondente soldo.

Dito escrito é aceptado e polo tanto non se somete á aprobación plenaria a referida dedicación parcial e soldo.

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Visto e prace

A secretaria

O alcalde